

5. NOMES GALEGOS.

Xa é legal inscribir aos nenos no Rexistro con nomes de pía galegos. Rematóu o tempo dos informes académicos sobre si se podía ou non poñérenlle Iria ou Breixo. Agora veñen as cartas inquirindo advocacións e santos onde escoller. E non son doados os consellos, porque é choio en que xogan a devoción, o engado das verbas, a eufonía a carón dos patronímicos e a comenencia de non usar verbas estrambóticas. Non haxa dúbida que o insólito terá, de escomenzo, tódolos incoementes e as ventaxas da novidade; que levar un nome peculiarísimo o mesmo pode ser un privilexio que unha carga.

Son moitas as advocacións galegas da Nosa Señora, padroeira de un milleiro de parroquias; nembargantes, son poucas as denominacións que vullan; unhas por desaxeitadas, outras por confusión con apelidos. Namentras que é ben aquecido, por España adiante, poñerlle a unha nena Aránzazu, Estíbaliz, Begoña, Fuencisla, Nuria, Rocío, antre nós terá impeitizos chamarlle Barca ou Franqueira. Con formas casteláns, ou compartidas polas dúas falas, empréganse: Neves, Ermitas, Milagros, Remedios, Peregrina, Blanca... Poden ter acollida Alba, Amil, Saínza, Bonaval... De outras adicacións marianas están a uso Candela, Anuncia, Presenta, Pilara, Dolores, Asunta ou Sunta e, moi espallados, os diminutivos Maruxa, Carmela, que logo teñen reduplicacións afectivas: Maruxiña, Carmeliña.

Polo que di aos santos, o calendario formado

polo P. Pardo, baixo oseudónimo de Aurelio de Arzúa, ten un cento deles nados na Galicia histórica, e medio cento de apócritos. A crítica rexeita aínda máis: lémbrense os traballos de Cesáreo Gil Atrio. Houbo un tempo en que, por sorguer a boa sonda de Galicia, douse acollida a moitas fábulas. Eu aconsellaría que nos ativésemos ás tradicións e ás creenzas populares, sen entrar en «bolandismos», alleos á vida dos nomes.

Baixo esta idea, pódese formar unha relación de santos galegos, teñan ou non forma diferenciada no noso idioma. Rexeitando os que poidan caír máis chocantes, lembraríamos: Afonso ou Ilefonso, Alvito, Damás ou Damasio, Estebo, Faxildo, Fernando, Florencio, Franquila, Froitoso, Gonzalvo, Mamede ou Mamés, Munio, Ordoño, Osoiro, Paio, Rosende, Servande ou Serván, Teotónio, Urbán, Valerio, Vitorio, Vidal, Xenadio; Adosinda ou Ousenda, Eteria, Eufemia, Ilduara, Liberata, Mariña, Senorina, Urraca (que, ademais, polo visto, quer decir María, como Mayor, Branca e Dina ou Adina), Tramunda...

Os nomes de santos que teñen patronímico poden traer erros no uso. (Eu levéi anos alfabetizando as publicacións de Juan de Mata Carriazo por Mata, cando o apelido do autor é Carriazo, e o Mata é parte do nome de pía). Este incomenente poden ter: Martiño de Dume, Pedro de Mezonzo, Francisco Blanco, Sebastián de Aparicio, Xoán Xacobe Fernández, Pedro Vázquez, Xoán de Pontevedra...

A mención de San Martiño de Dume lévanos a falar dos santos que, sin seren nados na terra, teñen fonda devoción entre nós. Comenzaríamos polo noso señor Santiago, que leva tantos nomes (Xacobe, Xácome, Xaime, lago, Diego). E Froilán

e Pedro González «Telmo», que eiquí traballaron pola fe. Tamén teñen motivos direitos de culto entre nós: Minia, que é un nome ben garrido, Olaya, Susana, Salomé, Orrente, Vintila (tamén chamado Vintín e Vintís) e moitos máis. Outros nomes como o de Rosalía espertan un fondo re-soar galego.

De Saco e Arce a nós, téñense publicando re-latorios de nomes galegos de santos. Omitindo aqueles en que a sola diferenza é o «x», poñeremos algúns:

Ádega (Agueda), Delaira (Adelaida), Catarina, Comba (Columba), Iria (Irene), Minia (Herminia), Librada (Liberata), Lianor, Locaia, Sabel ou Sabela, Margarida, Tareixa ou Tereixa, Trega, Baya ou Olaia (Eulalia), Adrán (Adriano), Agostiño, Alberto ou Albertos, Aleixandre ou Leixandre, Adréu, Antón, Amaro (Mauro), Anxo e Anxelo, Bastián, Bernal, Bertolaméu, Bieito (Benito), Bras, Breixo e Bréixome (Verísimo), Cibrán e Cidrán (Cipriano), Cirís (Ciriaco), Cloio e Clodio ((Claudio), Cristobo, Estebo, Iñacio, Leuter e Outelo (Eleuterio), Licano (Nicanor), Liño, Lois (Luis i Eloy), Melquior, Milio, Nicolao, Paulos, Queitán, Roi (Rodrigo), Sadornín ou Sadorniño, Tomé, Xaquín ou Xoquín, Xerome e Xeromo, Xullán, Xuiao, Xián (Julían), Xilgorio (Gregorio), Xan e Xoán, Xens e Xenso ou Xenxo (Ginés), Xurxo (Jorge), Xulio, Ventura (Buenaventura), Zequiel...

Certos diminutivos caen ben, como Carmela e Maruxa, que denantes citabamos, outros non son de aconsellar no Rexistro, anque vallan na vida familiar. Os máis correntes: Tono, Toniño e Tonecho (Antonio), Xelo, Xilo e Xeliño (Anxel), Goros e Gorecho (Gregorio), Chinto (Jacinto), Mingos (Domingo), Nacho (Ignacio), Farruco, Chu-

co e Quico (Francisco), Xocas (Joaquín), Manecho, Nelo y Lalo (Manuel), Perucho (Pedro), Xepe (José).

Como vedes, non faltan formas moi atraíntes onde escoller. Que o fagades con sorte. Din os vellos «o nome vai sempre diante do home». ¡Que os vossos fillos teñan un nome bo e un bo nome!

22-1-1977